

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 2/2021 , EXTRAORDINARIA, 10 DE MARZO DE 2021

**EXPEDIENTE:** 2021/G003/000092

**ASUNTO:** Convocatoria

**ÓRGANO COLEXIADO:** Pleno

**Nº SESIÓN:** 2/2021

**CARÁCTER:** Extraordinaria, a solicitude de catro concelleiros/as (mércores 10 de marzo de 2021, ás 10:00 horas da mañá)

Logo de ver o escrito con data de "17 de febreiro de 2021" (presentado no rexistro xeral do Concello o 17 de febreiro de 2021, nº de rexistro de entrada 213) , subscrito polos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, polo que solicitan a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Carral, para tratar os asuntos que indican en tal escrito.

Logo de ver o establecido no texto vixente do artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), segundo o cal "(...) Asimismo, el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera solicitada, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria. (...)".

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, CONVOCO:


**Sesión extraordinaria do Pleno para o mércores 10 de marzo de 2021, ás 10:00 horas da mañá (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de sesións da Casa do Concello** coa seguinte

## **ORDE DO DÍA**

1.- "Informe da situación actual do procedemento xudicial contra ó concelleiro José Luis Fernández Mouriño" (Proxecto da rúa Souto Castiñeiros de acceso ao Instituto de Carral)

Notifíquese a presente resolución a todos/as os/as sres/as. concelleiros/as da Corporación, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día xunto coa convocatoria (unicamente o escrito de solitude de realización do Pleno, ao que non se achegou ningunha proposta de acordo), na Secretaría do Concello (titular ou accidental).



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

En calquera caso, **a sesión presencial deberá realizarse con estrito cumprimento das medidas sanitarias establecidas polo Ministerio de Sanidade do Goberno da Nación e pola Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, vixentes no día en que se realice a sesión.**

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval